

A continuación infórmase dos acordos da reunión ordinaria da Comisión de Calidade, que tivo lugar o 10 de maio de 2019 na Sala de Xuntas da Facultade de Fisioterapia:

- Aprobación da acta 55 correspondente á sesión ordinaria do 12 de marzo de 2019.
- Informouse da incorporación dos novos membros da Comisión de Calidade, concretamente referente a unha nova representante de PDI, tres novos representantes de estudantado e unha nova representante da Sociedade.
- Analizouse a nova proposta de competencias xerais, específicas e transversais do Título do Grao en Fisioterapia incluído na proposta de Modificación do Título.
- Aprobación da modificación das metas dos obxectivos de calidade referentes a Adecuación (de >70% a >75%), Duración Media dos Estudos (de non haber un valor determinado a 4,5 anos) e taxa de Abandono (de <4,5% a <8%).
- Aprobouse modificación do Plan de Información Pública DO-0301 P1 coa inclusión na WEB dun apartado de notificacións cando se publique pola Área de Calidade da Uvigo os prazos e enlaces ás Enquisas de Satisfacción coa Titulación.
- Aprobouse modificación do Plan de Promoción da Titulación DO-0202 P1 coa inclusión dun apartado na WEB con información para futuro alumnado con vídeos elaborados polos propios alumnos do Centro para promocionar a titulación.
- Acordouse sortear entre o alumnado unha cesta de material funxible relacionado coa práctica da fisioterapia para promover o aumento da participación dese público diana nas Enquisas de Satisfacción coa Titulación.

Pontevedra, 11 de maio de 2019

A Secretaria



Iris Machado de Oliveira